



ROGO SOBRE A SINALIZACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “ÁNHEL CASAL”

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vai para unha década que a Biblioteca Pública Municipal está a prestar os seus servizos nunha modernas instalacións na Avenida Xoán XXIII, sobre una superficie próxima aos 6.000 metros cadrados e cun depósito cifrado en nuns 158.000 exemplares. A pesar da importancia do seu fondo, do tempo transcorrido e dos constantes incrementos na súa utilización, superando os 160.000 préstamos anuais e cun número de asociados que acadan os 40.000, aínda son moitas as veciñas e veciños –e tamén visitantes- que descoñecen ou que lles custa situar estas instalacións.

O motivo é que apenas existen indicacións que sirvan de guía para a súa localización ao longo da cidade, unha cuestión facilmente constatable e sobre a que temos recibido queixas suxestións por parte de persoas usuarias ou relacionadas con este importante servizo municipal.

Xunto con esa falta de sinalización, outro dos motivos de preocupación para as persoas usuarias destas instalacións é a incomodidade para acceder en transporte público, pola gran distancia das paradas, que se ve agravada nos días de choiva, posto que na actualidade non hai ningunha liña que pase por diante da biblioteca. Somos conscientes de que esta cuestión será contemplada nunha futura reordenación do transporte público, na que está prevista unha liña ao longo da Avenida Xoán XXIII que solucionará este aspecto, pero mentres iso non aconteza podería estudarse algunha medida específica que mellorara o acceso e a proximidade do transporte público a curto prazo, habilitando unha parada o máis achegada posible a estas instalacións.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se adopten as medidas necesarias para a mellora da sinalización da Biblioteca Municipal “Ánxe Casal” desde os distintos puntos da cidade e que se proceda a unha mellora das condicións de acceso, mediante a habilitación dunha parada do transporte público o máis próxima posible a estas instalacións.

Santiago de Compostela, a 3 de abril de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela